PLAN SOCIO-COMUNITARIO DE PREVENCIÓN E REINSERCIÓN DO BARRIO DE VITE

MEMORIA DESCRIPTIVA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO ANO 1.994

Os obxectivos definidos para este ano estaban baseados en consolidar o funcionamento das actividades que se viñeron desenvolvendo durante o pasado ano, tentando darlles a continuidade necesaria para que non se quedasen en feitos illados. Con esta orientación, continuanse desenvolvendo os programas postos en funcionamento con anterioridade.

Dentro destes presupostos, priorizáronse tres temas: fortalecer o nivel de información, asesoramento e formación; desenvolver programas de educación para a saúde; promover iniciativas de formación laboral.

A valoración feita, en liñas xerais, é que se cumpriron as metas trazadas. Si ben houbo algunha actividade que non foi posible poñer en marcha, fundamentalmente por problemas de infraestructura, este é o caso do Periódico "Curriculum Vite", importante no ámbito da información da comunidade. Pola contra, lográronse por en marcha outras actividades para as que en principio non tiñamos unha boa perspectiva, fundamentalmente pola falla total de apoio dende as diversas administracións, e que se están desenvolvendo gracias a inmensa colaboración, tanto de veciños do barrio, como de moitos residentes do "Burgo das Nacións", e tamén a sobrecarga de traballo do persoal contratado. Entre estas destacamos a posta en funcionamento dunha parte importante do Proxecto Educativo do Barrio, proxecto xa vello dentro dos nosos obxectivos.

De seguido pasamos a describir ás actividades máis significativas desenvolvidas ó longo do ano 1994, nos distintos ámbitos de actuación definidos no Proxecto:

ÁMBITO COMUNITARIO

** Servicio de Información e Asesoramento*

Dirixido a toda a poboación, e de xeito especial a mocidade. Veu funcionando diariamente de 12 a 14 horas, de luns a venres, e de 20 a 22 horas os venres no local social da Coordenadora de Barrio.

A finais de ano cristalizou a súa formalización como *"Punto de Información Xuvenil"*, integrado na Rede de Información Xuvenil da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Está levado por membros da Asociación de Tempo Libre "Ollomol", integrada na Coordenadora de Barrio e coordenado polo Animador Socio-cultural. O seu seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

**** Programa de Radio "Curriculum Vite"***

Dirixido a toda a poboación. Vense facendo semanalmente, emitindo os xoves de 23 a 24 horas na emisora "Radio Kalimero" da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións".

O seguimento do mesmo lévase a cabo dende o Consello de Redacción dependente da Coordenadora de barrio.

**** Biblioteca Popular***

Durante o ano desenvolveuse unha campaña de recollida de libros, tanto en editoriais e institución, como entre propios veciños do barrio coa intención de pór en funcionamento nun futuro próximo unha biblioteca no Local Social da Coordenadora a disposición de todo-los veciños interesados. A súa posta en marcha vese dificultada pola carencia de espacio e unha infraestructura axeitadas.

Lévanse recollidos uns 500 exemplares, e estase traballando na súa catalogación. A responsabilidade desta nova actividade e o seu seguimento corresponde a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

**** Escola Dinámica de Adultos***

Dirixido a toda a poboación interesada, sen limitacións de idade. Leva tres anos en funcionamento; os dous cursos anteriores as sesións eran conxuntas para todos os inscritos. Dende o mes de Outubro do 1994, que comenzou o curso 1994/95 e dado o incremento da demanda, veñen funcionando tres grupos distintos dentro da Escola:

- *Alfabetización*.- Os luns de 19,30 a 21,30 h.
- *Educación Primaria*.- Os Xoves de 17 a 19 h.
- *Graduado Escolar*.- Os martes, mércores e xoves de 19,30 a 21,30 h.

Este curso déronse feitos relevantes, como a incorporación á escola de mozos/as e de homes, anteriormente todas as participantes eran mulleres. Esto nos dá unha participación de 32 persoas en total, con idades comprendidas entre os 15 e os 70 anos.

Durante estes primeiros meses do curso, que corresponden cos de final do ano, as clases estiveron impartidas por dúas monitoras, dun xeito desinteresado, e pola Psicóloga contratada.

Continuase desenvolvendo no local social da Coordenadora de Barrio; e seguimos sen contar con ningunha aportación específica para o seu desenvolvemento por parte da Administración.

O seu seguimento estase a facer dende a Comisión de Educación da Coordenadora de Barrio.

** Aulas de Apoio*

Dende o ano 1.991 vimos priorizando a posta en marcha da globalidade do **Proxecto Educativo do Barrio**, un ambicioso proxecto que abrangue dous grandes programas: A Escola Dinámica de Adultos e a Aula Aberta de Educación (programas educativos concretos relativos a actividades e diversos obradoiros que desenrolen as capacidades artísticas, de creatividade, etc. dos rapaces/as, e en relación cos contidos do ensino regrado.

No mes de Outubro do 1994 púxose en funcionamento o programa ***Aulas de Apoio*** dirixidos a todos os rapaces e rapazas do barrio interesados que se inscribiron previamente, tendo que abonar unha cota mínima mensual, que nos casos de imposibilidade económica familiar, son becados pola Asociación de Veciños.

Este programa consta de tres apartados complementarios:

* Traballar os contidos das clases regradas dos participantes, que pertencen a todos os niveis do ensino non universitario.

* Facilitar asistencia individualizada psico-pedagóxica: Técnicas de Estudio. Seguimento e tratamento de diversas problemáticas de aprendizaxe.

* Obradoiros de: Manualidades. Fotografía. Música tradicional-elaboración e aprendizaxe de instrumentos. Expresión oral e literaria.

Tódalas actividades do Programa desenrólanse diariamente de luns a sábado: Os luns, martes, mércores e venres de 17 a 19 horas no Local Social da Coordenadora de Barrio; e os Xoves no mesmo horario e os sábados de 12 a 14 horas, no Local Social do "Burgo das Nacións".

Este programa é levado por seis persoas da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións", integrada na Coordenadora de Barrio, ademais da Psicóloga contratada.

O seu seguimento faise dende a Comisión de Educación da Coordenadora de Barrio.

Para o seu desenvolvemento, non contamos con ningún apoio por parte da Administración, salvo unha pequena aportación da Deputación Provincial para os obradoiros, sendo necesario destacar, que a día de hoxe, logo de solicitar unha entrevista en Outubro co Concelleiro de Educación do Concello de Santiago, seguimos agardando a súa resposta.

** Escola de Xadrez*

Dirixida a todos os interesados no xadrez. Viñeron participando entre 15 e 20 persoas nenos/as e mozos/as. A Escola está levada por dúas persoas do barrio, que dun xeito desinteresado dedican unhas horas do seu tempo a esta labor.

Desenvolveuse semanalmente, os venres de 18 a 20 horas, no Local Social da Coordenadora de Barrio. O seu seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

Nos últimos meses do ano, a actividade tivo que interromperse debido a que os monitores, por dificultades laborais non puideron seguir atendendo a escola.

*** "Deporte ó Mediodía"**

Dirixido a toda a poboación do barrio, inda que dado o horario limita moito a participación, estando basicamente formada por nenos/as e mozos/as.

Por terceiro ano consecutivo vense realizando o longo do curso escolar unha competición deportiva no Polideportivo Municipal ubicado no barrio, tres días a semana, martes, xoves e venres, en horario de 12 a 14 horas, de aí o nome, por ser as únicas horas que nos permiten utiliza-lo.

Este ano viñeron participando 380 nenos/as e mozos/as do barrio. Os martes practícase baloncesto, os xoves temos futbiño e os venres, na primeira hora hai matenemento físico e na segunda patinaxe. Todos estes días de 12 a 13 horas están os maiores de 14 anos e de 13 a 14 horas os menores. Esta actividade rematou a finais de Xuño, e retomouse de novo no mes de Outubro, unha vez que se logrou a autorización municipal para utilizar o Polideportivo.

O seguimento da mesma faise dende a Comisión de Deportes da Coordenadora de Barrio.

*** "Discoteca Light"**

É unha experiencia que se iniciou o pasado ano coa intención de aglutinar a mocidade do barrio arredor dunha alternativa atractiva para eles e o mesmo tempo moi educativa. Ven funcionando semanalmente, os sábados, con dúas sesións: De 19 a 21 horas para menores de 14 anos e de 22 a 24 para maiores de 14, no Pavillón social da Residencia Universitaria "Burgo das Nacións", cunha participación de 240 rapaces/as.

Esta actividade é levada pola Asociación Xuvenil "Vite". A disco sigue sendo atendida polos propios mozos/as, funcionando por quendas, con responsables de cada área: musica, barra, limpeza, etc. As condicións para asistir a mesma son estar na idade, cumprir o horario, e mercar unha entrada por 100 pts. que da dereito a unha consumición sen alcohol, xa que a primeira norma é que non se fuma nin se consume alcohol.

O seguimento da mesma faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora.

A Discoteca veu funcionando ata a mes de Xuño; logo, dados os cambios no Rectorado, e a que as xestións se foron retrasando non se puido poñer de novo en funcionamento ate finais de ano.

*** Obradoiros de Educación Ambiental e Tempo Libre**

Dirixidos a nenos/as menores de Oito anos. Veñen participando entre 20 e 30 semanalmente. Teñen lugar os Sábados de 11'30 a 13'30 horas nas Praciñas de Belén, diante do local, si o tempo o permite, se non é así fanse dentro.

Os obradoiros son levados pola Asociación de Educación Medio-ambiental "Choupín", e o seu seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

*** "VI Festa Ecolóxica"**

Dirixida a tódolos veciños do barrio. Contou cunha participación de 70 persoas, maioritariamente nenos/as e mozos/as. Este ano a saída foi o día 5 de Xuño, a Illa de Arousa. Como sempre esta actividade permitiu que os participantes pasaran un día de convivencia en contacto coa natureza, e aproveitaran para recoller material e datos que, con posterioridade

seguirán traballando no barrio, ven no grupo de actividades medio-ambientais, ou na Escola de Adultos, dependendo dos casos.

Tanto a programación como o seguimento faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

** "III Colonias de Verán"*

Dirixidas os nenos e nenas do barrio, de 8 a 14 anos. Nelas participaron 55 rapaces/as, que abonaron unha pequena cota de inscrición, salvo aqueles, que pola situación de precariedade económica familiar, foron becados pola Asociación de Veciños, que correu con todo-los gastos das Colonias, salvo os pequenos ingresos por inscricións.

Tiveron lugar na segunda quincena de Xullo, do día 16 o 31, no Concello de Cee, tendo como centro de operacións o Colexio Público. A súa organización e realización correspondeu, un ano máis, a Asociación de Tempo Libre "Ollomol", integrada por mozos do barrio. Nas mesmas participaron como monitores 12 persoas, ademais de 5 mozos de 15-16 anos, que acudiron as mesmas co obxecto de formarse de cara a asumir responsabilidades en anos posteriores e tamén dúas cociñeiras.

O seguimento das Colonias faise dende a Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio.

**** III Olimpíada Deportivo-Cultural: "Vite, un barrio saudable"***

Dende hai tres anos vimos mantendo unha intensísima actividade como comenzo do curso, e reinicio de toda a actividade logo do verán. **"VII Semana de Cine o Aire Libre"**, que tivo lugar entre os días 5 e 9 de Setembro nas Praciñas de Belén, coa proxección dunha película diaria a noitiña, dirixida a especialmente ós máis novos do barrio.

Paralelamente, durante esta semana fixéronse as inscricións para participar nas competicións deportivas que se celebraron dende o día 12 de Setembro ate o día 1 de Outubro, cunha intensa actividade diaria dirixida a tódolos veciños do barrio sen límites de idade, distribuídos nas diversas especialidades: Futbiño, Baloncesto, Balonvolea, Chave, Xogos de Mesa (Damas, Parchís, Tute, Dominó, Xadrez, Escoba), Maratón, Ciclismo, ademais de exhibicións de Patinaxe, Tae Kwon do, Baile Galego, etc. As competicións, como o pasado ano, fixéronse dividindo ós participantes en cinco categorías por idades: Menores de 10 anos, de 11 a 13, de 14 a 16, de 17 a 25 e maiores de 25 anos.

O longo destes días, e dada a gran acollida da Olimpíada, vímonos desbordados pola masiva participación que acadou as 1000 persoas, sendo de destacar os deportes colectivos, coa participación de 78 equipos, en gran parte de futbiño.

Un ano máis contamos coa participación de diversos deportistas de elite, concretamente: Fran, xogador do Deportivo e presidente en Galicia da Asociación "Deporte e Vida", ademais dos xogadores do Compostela Bellido, Goyo e Moure.

A organización da Olimpíada correu a cargo dunha Comisión específica, o Comité Organizador, que veu traballando dende o mes de Xuño, dependente da Coordenadora de Barrio, e integrada polos membros da Comisión de Deportes da propia Coordenadora e outros veciños que se integraron con fin de reforza-la.

Paralelamente a celebración da Olimpíada, distribuiranse, un ano máis, por tódolos comercios do barrio 5.000 bolsas da compra co slogan: "Vite Saudable", coa intención de chegaran a tódalas casas do barrio.

** Actividades nas conmemoracións tradicionais*

Como en anos anteriores, ó longo de 1994 viñeronse desenrolando actividades puntuais coincidindo coas datas de celebración das festas tradicionais: Entroido; Letras Galegas; San Xoan; Magosto e Nadal.

Das mesmas destacaremos, por ser a primeira vez que se realizan dende a Coordenadora de Barrio as realizadas no Nadal, e que se recollen en dous programas concretos:

- *con Vite a xogar*.- Dirixido os nenos/as do barrio, tivo lugar durante as mañás no Local Social da Coordenadora de Barrio e no Instituto de Bacharelato "Xelmírez II".

Consistiu nunha oferta de xogos de todo tipo, dende xogos de pistas, obradoiros, xogos con paracaídas, un gran feirón de xogos, etc.

A participación no convite a xogar resultou perxudicada polas inclemencias do tempo, o que motivou que algúns días quedara suspendida a actividade.

Estivo organizada pola Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio, e contamos coa participación dos alumnos do curso de Monitores de Tempo Libre, que se veu desenrolando os meses anteriores, ós que lles serviu de prácticas para dito curso.

- *Recollida de xoguetes; "Reises para todos"*.- Campaña dirixida a recoller xoguetes entregados polas familias ás que lle quedaron desfasados para os seus fillos e que seguen estando en bo estado, co fin de entregar-llos logo ós pais dos rapaces con menos recursos, e que estes poidan dalos por Reises.

A campaña tivo unha gran acollida, tanto polos xoguetes recollidos como pola posterior distribución dos mesmos; constituíndo incluso un taller de reparacións dos mesmos.

Todo este traballo correu a cargo da Comisión de Tempo Libre da Coordenadora de Barrio, e contou coa colaboración dun gran número de veciños.

** Outras Campañas*

No mes de Decembro levouse a cabo unha campaña de sensibilización dirixida a toda a poboación, sobre a importancia da **Doazón de Sangue**.

Estivo organizada dende a Comisión de Saúde da Coordenadora de Barrio contando coa colaboración do Centro de Transfusións de Galicia.

Durante a mesma distribuironse polo barrio carteis e folletos explicativos; realizouse unha Charla sobre o tema no Centro de Saúde de Vite impartida por profesionais do Centro de Transfusións, e rematou coa recollida de doazóns por parte deste Centro, levada a cabo o día 17 no propio Centro de Saúde.

** Organización Social*

Continuouse promovendo a organización social do barrio, tanto en relación co fomento do asociacionismo, como na consolidación da Coordenadora como elemento aglutinador que permite manter a visión global do Proxecto e axuntar esforzos e recursos. Neste senso, e dado que a continuidade das actividades permite esta labor, xurdiu unha nova entidade no barrio, o **Grupo "Choupín"**, constituído por mozos/as do barrio, encamiñado a realización de actividades e obradoiros de educación ambiental e tempo libre, e integrada da Coordenadora de barrio de Vite.

ÁMBITO ESCOLAR

A intervención centrouse no Instituto de Bacharelato "Xelmírez II", dado que continúan as dificultades para poder desenvolvela tamén no Colexio de EXB como se veu facendo nos primeiros anos do proxecto.

Logo da formalización da relación entre este Instituto e o Plan Socio-Comunitario, realizada a comenzo do curso 1992-93, coa aprobación do Programa de actuación por parte do Consello Escolar, logrouse unha maior sistematización da labor que se viña facendo en anos anteriores.

A actuación desenvolvida ata o remate do curso 1993/94 e primeiro trimestre do curso 1994/95, foi a seguinte:

- Colaborouse co Departamento de Orientación do Centro, realizando unha labor de asesoramento en temas psico-pedagóxicos, así como a detección e tratamento, na medida do posible, de problemáticas específicas presentadas polos alumnos/as. Dende o mes de Outubro, a responsabilidade do Departamento, dado que neste curso, o Centro non dispón da profesional enviada pola Consellería de Educación, que en cursos anteriores ía un día a semana o Instituto.
- Asesoramento a pais de alumnos sobre temas, tanto de carácter pedagóxico, como no tratamento de problemáticas específicas que presentaban algúns alumnos/as. Implicando ós pais no proceso.
- Acadouse unha participación máis sistemática dos alumnos nas actividades, tanto do propio Instituto, como ás propostas polo barrio: Nas actividades de tempo libre, nos programas de Radio, nas saídas ecolóxicas, nas actividades deportivas, etc.
- Fíxose a detección e seguimento dos casos de alumnos/as de tódolos cursos, que presentaban algún tipo de problemática escolar, social, familiar, etc.; analizando as súas causas. Nalgúns destes casos foi recomendada unha asistencia psicolóxica continuada; noutros, integraronse en actividades de interese ante a problemática presentada.
- Realizouse un asesoramento e seguimento individualizado dos alumnos que non querían seguir estudiando BUP. Así como asesoramento, dirixido a atopar algunha saída laboral ou outras saídas escolares, según os casos, ós alumnos que remataban BUP e non queren facer COU.
- Traballouse conxuntamente cos Titores, no ámbito de realización de actividades educativas para tódolos cursos: Programa de Comprensión-expresión da Lecto-escritura; Programa de Prevención de Drogodependencias, etc.

A dirección do Centro, complementou os programas facendo estes extensibles a tódolos pais.

Neste senso, de cara o curso 1994/95 estívose traballando nun programa global de Educación para a Saúde, que foi presentado ó Consello Escolar no mes de Outubro, para a súa aprobación e posterior posta en marcha a comenzo deste curso, e que cristalizou na posta en marcha do *"Taller de Educación para a Saúde"*.

A proposta de levar a cabo un taller permanente deste tipo con carácter experimental no Centro escolar, derívase de entender a saúde non como ausencia de enfermidades, senón tamén como benestar físico, psíquico e social. Neste senso, coidamos que o ensino formal é un pilar básico para favorecer actitudes, costumes e coñecementos que capaciten ó alumnado para coidar a súa propia saúde e a do seu medio.

Durante este primeiro trimestre, que corresponde cos últimos meses do ano 1994, danse os pasos necesarios para por en marcha o Taller dentro do horario lectivo, a partir do segundo trimestre.

Unha vez que se implicou ó propio centro de ensino como tal co proxecto; a unha parte importante do profesorado do Centro para levar adiante o Taller; se contou coa colaboración dos

profesionais do Centro de Saúde, fixose a presentación ós alumnos dos diversos temas do programa propostos previamente polo profesorado:

* Alimentación. Nutrición. Consumo.
* Capacidades persoais e as súas alteracións: Fracaso Escolar. Autoestima. Etc.
* Desenvolvemento afectivo, social e físico: Deporte e saúde, etc.
* Drogodependencias
* Educación para a sexualidade.
* Medio ambiente natural ou construído: Ecoloxía, contaminación, etc.

Posteriormente, os alumnos elixiron maioritariamente o tema a desenvolver durante este curso, que por ampla maioría foi a Educación para a Sexualidade. Deste xeito, o Taller comenzará a funcionar como tal con este tema, que se desenvolverá de Xaneiro a Maio de 1995.

A coordenación do Taller será levada pola Psicóloga contratada pola Asociación de Veciños, facéndose o seu seguimento dende o Consello Escolar do Instituto.

ÁMBITO LABORAL

* *Taller Ocupacional Pre-Laboral*

Dirixido ós mozos e mozas do barrio con especiais dificultades de inserción no mundo laboral. Durante este ano, continuou en funcionando diariamente de 9 a 15 horas, de luns a venres, no local social da Coordenadora de Barrio, sendo o seu principal obxectivo educar ós participantes no cumprimento dun horario e dunhas normas de funcionamento, que lles serán imprescindibles para adaptarse ó mundo laboral. Complementase coa información e asesoramento xuvenil en xeral, e de saídas laborais, en particular.

O longo do ano 1994, participaron no taller 21 mozos e 3 mozas, dos cales: Sete, están na actualidade traballando en distintas empresas da Cidade, na maioría dos casos en situación de precariedade laboral; Nove, foron deixando de asistir debido a unha situación persoal de forte inadaptación social derivada de recaídas na drogodependencia. Os Oito restantes, que é a cabida que ten o local, continúan no taller.

Nos últimos meses do ano, iniciouse un proceso de cara a pór en funcionamento unha nova iniciativa laboral dentro do propio Taller, consistente en ofertar ás empresas da Cidade un grupo de persoas, os que integran o Taller, dispostas a facer traballos puntuais, e tendo como contacto o teléfono do Local Social da Coordenadora en horario do Taller, de 9 a 15 horas.

Paralelamente, continuose facendo a labor de educación na rúa e o seguimento individualizado e familiar dos mozos e mozas en situación de risco social, encamiñada a tratar de encauzar as súas espectativas; tanto de cara ó mundo laboral, na maioría dos casos tratando de que se integren previamente no Taller; como de cara á súa integración na dinámica social do barrio, promovendo a súa incorporación e implicación naquelas actividades que espertan o seu interese.

A coordenación do Taller Ocupacional é levada polo Educador contratado. O seguimento do mesmo faise dende a Comisión Socio-Laboral da Coordenadora de Barrio

* *Cursos de Formación Ocupacional*

Solicitamos este ano da Consellería de Familia, Muller e Xuventude catro cursos de formación; dous deles dirixidos a mozos con especiais dificultades no mundo laboral tanto polo seu nivel académico como pola súa situación persoal: Fontanería e Calefactor; e outros dous dirixidos a complementar a formación de mozos do barrio que lles ampliara o seu curriculum no camiño de acadar o seu primeiro emprego: Monitor de Tempo Libre e Operador de Ordenadores. Foinos concedido un deles, o de Monitor de Tempo Libre. Tivo lugar dende Novembro ate o día 5 de Xaneiro de 1995. No mesmo participaron membros das Asociacións "Ollomol" e "Choupín", integradas na Coordenadora, neste senso esta formación que de principio non repercute nunha alternativa laboral, si foi moi positiva de cara a dinámica do propio barrio, concretamente ás colonias de verán e demais actividades de tempo libre que se realizan ó longo do ano.

A coordenación do curso de formación foi levada polo Educador contratado. O seguimento do mesmo fixose dende a Comisión Socio-Laboral da Coordenadora de Barrio.

Compostela, Xaneiro de 1.995